


HERÁLDICA E NOBILIARIA DO CAMIÑO DE SANTIAGO MARÍTIMO (II)

Por: Dr. Isidro M.^a de Malet Andreu

Diplomado en Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria

CONCELLO DE RIBEIRA

De azur, un bergantín, na súa cor, coas velas despregadas, sobre un movinte de azur e prata. Faixado. Cartela rodeando as armas.





CONCELLO DE BOIRO

De azur, no centro cruz de Santiago de gules. Franqueada de dúas torres, de prata, mazonadas de sable, aclaradas de prata. En jefe unha pluma de prata, deitada. En punta movinte de prata e azur. Cartela rodeando as armas.



CONCELLO DE POBRA DO CARAMIÑAL

Ovalado e partido. O primeiro, de azur, unha barca navegando sobre un movinte de azur. En jefe, dos veneras de ouro. O segundo, de azur, dúas casas de prata, aterradas de sinople, con dous camiños que conflúen. Detrás das casas, un ciprés na súa cor. Cartela, rodeando as armas.



CONCELLO DE CATOIRA

De gules, dúas torres de prata, mazonadas de sable e aclaradas de prata, sobre un movinte de azur, faixado.






CONCELLO DE PONTECESURES

De azur, unha ponte de ouro, de catro ollos, mazonado de sable, no cantón destro do jefe e en xeito oblicuo, as armas de España (Castela - León - Aragón - Navarra - e escudiño coas tres flores de lis dos Borbóns). No cantón sinistro e en oblicuo as armas de Galicia (de azur, un cáliz de ouro, cunha hostia de prata e sete cruces de prata). Leva acolada a cruz de Santiago. O Rei Alfonso XII deulle o título de Vila Real de San Luís de Cesures.

CONCELLO DE PADRÓN

En campo de prata, unha barca co corpo de Santiago xacente, a proa e a popa dos discípulos e na popa un anxo. Entre os dous discípulos unha cruz de Santiago, de gules, (outros din que é un mastro) a barca está suxeita a unha columna situada a destra, mediante unha cadea. En jefe unha estrela entre dúas veneras, todo en ouro. A barca sobre un movinte de azur e prata.




CONCELLO DE ROIS

De prata, un laureiro na súa cor natural e en punta venera de ouro.



CONCELLO DE TEO

De azur, unha ponte de prata, dun ollo, mazonado de sable e sobre un movinte de azur e prata. En jefe dous sables cruzados con empuñadura de ouro. Bordadera santiaguesa de gules (13 veneras de ouro).




CONCELLO DE SANTIAGO

Partido. O primeiro de azur, un cáliz de ouro, cunha Hostia de prata, rodeado de sete cruces de ouro e colocado sobre unha nube. O segundo, de azur, un sarcófago de mármore sobre unha nube e en jefe un cometa. Polas ordenanzas de 1908 aparece flanqueado dun ramo de oliveira e outro de loureiro. O escudo que se representa é de 1931.

CONCELLO DE RIANXO

Partido e entado en punta. Primeiro, de gules unha áncora de prata, con estacha da súa cor. Segundo, de azur, torre donjuanada de prata, mazonado de sable e aclarado de prata. En punta, de azur, muralla de ouro mazonada de sable, sobre movinte de azur e prata.



CONCELLO DE AMES

De azur, o sepulcro de Santiago de mármore, en jefe e en punta dúas ondas de prata. Bordadura de ouro, con tres veneras de azur e a lenda: "AMES IN TERRA A MEA E"

HERALDICA E NOBILIARIA DO



CAMIÑO DE SANTIAGO MARÍTIMO (II)